

agricultores dentro do réxime de pagamento único, establece como datas para solicitar a admisión ao réxime de pagamento único no ano 2006 as da solicitude única.

O artigo 86 do Real decreto 1618/2005, do 30 de decembro, sobre a aplicación do réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e á gandaría, establece como data límite para a presentación da solicitude única o segundo venres de marzo de cada ano.

O ano 2006 é o primeiro en que se establece para España o réxime de pagamento único, e a presentación dun só documento para a solicitude dos dereitos de pagamento único e doutras axudas comunitarias, establecendo un sistema completamente distinto ao de anos anteriores, polo cal os agricultores e as comunidades autónomas están encontrando dificultades para cumprir en súas respectivas actuacións respecto a este novo réxime.

Por iso, diversas comunidades autónomas solicitaron a ampliación do prazo final para a presentación da solicitude única e a admisión ao réxime de pagamento único, o cal parece procedente neste ano.

Esta orde dítase de conformidade coa disposición derradeira segunda, letra b), do Real decreto 1618/2005, do 30 de decembro, pola que se habilita o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar as datas que se establecen nel.

Na tramitación desta orde consultáronse as comunidades autónomas e as entidades máis representativas do sector.

Na súa virtude, dispoño:

A presentación das solicitudes no réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e á gandaría, para o ano 2006, poderase realizar ata o día 28 de abril inclusive.

Madrid, 8 de marzo de 2006.

ESPINOSA MANGANA

4302 *ORDE APA/661/2006, do 3 de marzo, pola que se substitúe o anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España. («BOE» 59, do 10-3-2006.)*

Esta orde ten como obxecto substituír o anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.

O anexo do Real decreto 1682/1997 recolle o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España. Este anexo sufriu numerosas modificacións. Coa súa substitución preténdese incorporar, nun novo anexo, o catálogo con todas as modificacións, garantindo desta maneira a seguranza xurídica e, ademais, facilitando a consulta dos cidadáns.

Ademais de recompilar todas as modificacións publicadas, o catálogo que figura no anexo desta orde incorpora as últimas actualizacións aprobadas no Comité de Razas de Gando de España na súa reunión do 17 de xuño de 2005. Inclúense catro novas razas, as razas aviares euskal antzara e euskal oiloa, a raza porcina euskal txerria, e a raza equina marismeña, e modifícase a denominación da raza asnal mallorquina que pasa a chamarse raza asnal balear. Estas actualizacións foron propostas polas comunidades autónomas do País Vasco, Andalucía e Balears.

Esta orde dítase ao abeiro da disposición derradeira primeira do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias,

para ditar as disposicións necesarias e adoptar as medidas precisas para o cumprimento do disposto no real decreto, así como para actualizar o seu anexo.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas, as entidades representativas do sector, así como entidades científicas en materia de reprodución, selección e xenética animal.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Substitución do anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.

Substitúese o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España contido no anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, polo que figura no anexo desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Madrid, 3 de marzo de 2006.

ESPINOSA MANGANA

«ANEXO

Catálogo Oficial de Razas de Gando de España

1. Razas autóctonas:

1.1 De fomento:

Especie bovina:

Asturiana de los valles, avileña negra ibérica, lidia, morucha, pirenaica, retinta e rubia galega.

Especie ovina:

Carranzana, castellana, churra, latxa, manchega, merina, navarra, ojinegra de Teruel, rasa aragonesa e seguraña.

Especie caprina:

Majorera, malagueña, murciana-granadina, palmera e tinerfeña.

Especie porcina:

Ibérica.

Especie equina:

Cabalar: española.

1.2 De protección especial:

Especie bovina:

Albera, alistana-sanabresa, asturiana de la montaña, avileña-negra ibérica (variedade bociblanca), berrenda en colorado, berrenda en negro, betizu, blanca cacereña, bruna de los Pirineos, cachena, caldelá, canaria, cárdena andaluza, frieiresa, limiá, mallorquina, marismeña, menorquina, monchina, murciana-levantina, negra andaluza, pajuna, palmera, sayaguesa, serrana negra, terreña tudanca e vianesa.

Especie ovina:

Alcarreña, ansotana, aranesa, canaria, canaria de pelo, carranzana (variedade negra), cartera, castellana (variedade negra), chamarita, churra lebrijana, churra tensina, colmenareña, galega, guirra, ibicenca, maellana, mallorquina, manchega (variedade negra), menorquina, merina (variedade negra), merina de Grazalema, mon-

tesina, ojalada, palmera, ripollesa, roja mallorquina, roya bilbilitana, rubia del Molar, sasi ardi, talaverana, xalda e xisqueta.

Espece caprina:

Agrupación de las Mesetas, azpi gorri, blanca andaluza ou serrana, blanca celtibérica, bermeya, del Guadarrama, florida, galega, ibicenca, jurdana, mallorquina, Moncayo, negra serrana, papoya, pirenaica, retinta e verata.

Espece porcina:

Celta, chato murciano, euskal txerria, negra canaria e negra mallorquina.

Espece equina:

Cabalar: asturcón, burguete, caballo de monte de País Vasco, caballo de pura raza galega, hispano-árabe, hispano-bretón, jaca navarra, losina, mallorquina, marismeña, menorquina, monchina e pottoka.

Asnal:

Andaluza, asno de las Encartaciones, balear, catalana, majorera e zamorano-leonés.

Espece aviaria:

Euskal antzara, euskal oiloa, galiña de Mos, mallorquina, menorquina e pita pinta.

2. Razas españolas:

Espece bovina:

Blonda de Aquitania, charolesa, fleckvieh, frisona, limusina, parda e parda de montaña.

Espece ovina:

Berrichon du Cher, charmoise, fleischschaf, Ile de France, Landschaff e merino precoz.

Espece porcina:

Blanco belga, duroc, hampshire, landrace, large white e pietrain.

Espece equina:

Cabalar: árabe, anglo-árabe, puro sangue inglés e tro-tador español.

3. Razas da Unión Europea.

4. Razas de países terceiros:

Espece ovina:

Assaf.»

4303 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1618/2005, do 30 de decembro, sobre aplicación do réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e á gandaría.* («BOE» 59, do 10-3-2006.)

Advertidos erros no Real decreto 1618/2005, do 30 de decembro, sobre aplicación do réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e á gandaría, publicado no *Boletín Oficial del Estado*, suplemento número 1 en lingua galega, do 2 de xaneiro de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 208, primeira columna, artigo 1.1.a), sexta liña, onde di: «. novo de pagamento único.», debe dicir: «. novo réxime de pagamento único.».

Na páxina 211, segunda columna, artigo 15.2, cuarta liña, onde di: «. dereitos de axuda de retiradas:», debe dicir: «. dereitos de retirada:».

Na páxina 213, segunda columna, artigo 23, segundo parágrafo, quinta liña, onde di: «. ás hectáreas presentadas para xustificar os dereitos de retirada.», debe dicir: «. ás hectáreas que serviron para conceder os dereitos de retirada.».

Na páxina 213, segunda columna, artigo 23, segundo parágrafo, oitava liña, onde di: «. pagamentos por superficie», debe dicir: «. pagamentos por superficie aos cultivos herbáceos.».

Na páxina 215, primeira columna, artigo 31.3, sexta liña, onde di: «. voluntario o 80 por cento.», debe dicir: «. voluntario ata o 80 por cento.».

Na páxina 217, segunda columna, artigo 41.1.b), segundo parágrafo, liña doce, onde di: «. que figuran no anexo XV. Unha vez...», debe dicir: «. que figuran no anexo XV, unha vez...».

Na páxina 219, primeira columna, artigo 47, número 3, segundo parágrafo, onde di: «no artigo 184.2», debe dicir: «no artigo 171 ter ter».

Na páxina 219, primeira columna, artigo 49, onde di: «artigo 188», debe dicir: «artigo 171 quáter bis».

Na páxina 219, segunda columna, artigo 51.1, onde di: «artigo 194», debe dicir: «artigo 171 quáter octies».

Na páxina 219, segunda columna, artigo 51.3, onde di: «artigo 198», debe dicir: «artigo 171 quáter duodecies».

Na páxina 219, segunda columna, artigo 51.4, onde di: «artigo 187 (b)», debe dicir: «artigo 171 quáter (b)».

Na páxina 220, segunda columna, artigo 55.1, onde di: «artigo 187 (c)», debe dicir: «artigo 171 quáter (c)».

Na páxina 220, primeira columna, artigo 56, onde di: «. Real decreto 479/2004, do 2 de novembro», debe dicir: «. Real decreto 479/2004, do 26 de marzo».

Na páxina 220, primeira columna, artigo 57.1, liña dezaseis, onde di: «. da presente sección.», debe dicir: «. do presente capítulo.».

Na páxina 222, primeira columna, artigo 62.3, terceira liña, onde di: «. finalizado cando menos un mes antes.», debe dicir: «. finalizado no prazo máximo dun mes antes.».

Na páxina 222, segunda columna, artigo 63.2.a) e artigo 64.1, onde di: «. Real decreto 479/2004, do 2 de novembro», debe dicir: «. Real decreto 479/2004, do 26 de marzo».

Na páxina 225, segunda columna, artigo 80, no título e mais no número 1, onde di «. do rabaño», debe dicir: «. da explotación».

Na páxina 227, segunda columna, artigo 92.5, onde di: «artigo 200.2.», debe dicir: «artigo 171 quáter quaterdecies.2.».

Na páxina 228, primeira columna, artigo 94.1.a), onde di: «artigo 186», debe dicir: «artigo 171 ter quinquies».

Na páxina 228, segunda columna, artigo 94.1.b).6.º, cuarta liña, onde di: «. comunicarán as superficies.», debe dicir: «. comunicarán, antes do 15 de xuño do ano de presentación da solicitude, as superficies.».

Na páxina 228, segunda columna, artigo 94.2.c), onde di: «. capítulo III.», debe dicir: «. capítulo III do título III.».

Na páxina 229, segunda columna, disposición transitoria segunda, onde di: «artigo 189.1.», debe dicir: «artigo 171 quáter ter.1.».

Na páxina 250, anexo XI, epígrafe III, punto 2, onde di: «. alínea g) do punto 11 deste anexo», debe dicir: «. alínea h) do punto 13 seguinte».

Na páxina 251, anexo XI, epígrafe III, punto 8, onde di: «. arroz e cánabo.», debe dicir: «. arroz, cánabo.».

Na páxina 252, anexo XI, epígrafe III, punto 12, primeira liña, onde di: «. caso do cánabo.», debe dicir «. caso do liño e do cánabo.».

No punto 12.b), onde di: «. distintas variedades.», debe dicir: «. distintas variedades de cánabo.».